

**C03,02724
IN408A 2020/004**

**INFORME RELATIVO Á PARTE QUE AFECTA Á PROVINCIA DE OURENSE SOBRE O
ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL: "PARQUE EÓLICO NEBOADA NEBOADA E LIÑA
DE E VACUACIÓN"**

Promotor: Maia Director Ship, S.L. - CIF B88512157

Situación: Parque eólico nos Concellos de A Rúa, Vilamartín de Valdeorras (Ourense) e Quiroga (Lugo) e liña de evacuación nos concellos de A Rúa, A Pobra de Trives y San Xoán de Río (Ourense), Quiroga y Ribas de Sil (Lugo)

Antecedentes

Con data de 01.04.2022 tivo entrada no Servizo de Montes de Ourense solicitude do Servizo da Propiedade Forestal a petición do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, do informe sobre o estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia de acordo co disposto no apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Tras revisar a documentación achegada, comprobouse que o Parque Eólico, na parte que afecta á provincia de Ourense, instalárase nos montes:

Montes veciñais afectados na provincia de Ourense.

Concello de Vilamartín de Valdeorras:

COTO REDONDO DE CERNEGO pertencente aos veciños de CERNEGO en convenio coa Administración forestal co elenco 32155211. Conta con proxecto de ordenación autorizado e inscrito no rexistro de montes ordenados de Galicia con nº de expediente PO-00019780T(1.1).

Aeroxerador N-01, zona de influencia de N-02, apertura de gabias e afectación da rede viaria, en plantación da administración de *P. sylvestris*, con tratamentos de podas e rozas realizadas polo distrito forestal Valdeorras - Trives.

Concello de A Rúa de Valdeorras:

SERRA E LADEIRAS pertencente aos veciños das PARROQUIAS DE FONTEI, A RÚA E SAN XULIÁN en convenio coa Administración forestal co elenco 3215521; Conta con

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Florentino L. Cuevillas, 4-6, baixo
32071 Ourense
Tel.: +34 988 386 455
mediorural.ourense@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





proxecto de ordenación autorizado e inscrito no rexistro de montes ordenados de Galicia con nº de expediente PO-00019743D(1.1)
Aeroxeradores N-02, N-03, N-04, N-05, N-06, N-07, N-08, afectación de N-01, Torre meteorolóxica, apertura de gabias e afectación da rede viaria en plantacións de *P. sylvestris*.

COTO REDONDO DE ROBLIDO clasificado a favor dos veciños de ROBLIDO en convenio coa Administración forestal co elenco 3215534; Estase tramitando a aprobación e inclusión no rexistro de montes ordenados de Galicia un proxecto de ordenación co nº de expediente PO-00020118Q(1.1) para este monte.
Subestación Neboada, apertura de gabias, Parte da liña de evacuación e afectación da rede viaria sobre plantacións de *P. sylvestris* realizadas pola administración.

Concello de A Pobra de Trives

En canto a liña de evacuación e no que afecta a provincia de Ourense atravesa o monte veciñal en man común MONTE NAVEA dos veciños da PARROQUIA DE NAVEA (SAN MIGUEL), xestión privada polos veciños propietarios. A data de hoxe non conta con proxecto de ordenación autorizado. En este monte resulta afectada unha repoboación con *Pinus sylvestris* financiada con fondos FEADER con compromiso de mantemento vixente, Expediente 11320054/2009.

Concello de San Xoán de Río

A liña atravesa o monte veciñal en man común MONTE CERENGO dos veciños da PARROQUIA DE AS CABANAS (SAN PAIO), xestión privada polos veciños propietarios. Conta con proxecto de ordenación autorizado e inscrito no rexistro de montes ordenados de Galicia con nº de expediente PO-00020513C(1.1).

Afecta ademais a propiedades particulares.

O paso da liña implica ocupación permanente do solo nos apoios, servidume de voo, uso de infraestruturas e apertura de acceso aos apoios cando sexa necesario.
Os cambios de clasificación do solo e os cambios de uso implican a revisión dos proxectos de ordenación.

Ordenación urbanística.

Os terreos situados no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras réxense polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do 13 de decembro de 2013.

Os terreos situados no termo municipal da Rúa réxense polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do 25 de febreiro de 2016.

Os terreos situados no termo municipal da Pobra de Trives réxense polas Normas Subsidiarias de Plan do 12 de xullo de 1994.





Nos terreos situados no termo municipal de San Xoán de Río será de aplicación o Plan Básico Autonómico con data 26 de xullo de 2018.

Estudio do proxecto:

O proxecto consiste na execución dun parque eólico de 50 MW de potencia total nos concellos de Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e Quiroga (Lugo), composto por 8 aerogeneradores Siemens Gamesa SG 6.6-170 ou similar con altura de buxo (m) 135 e diámetro de rotor (m) 170 e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 30/220 kV, edificio de control, unha torre meteorolóxica.

O proxecto inclúe tamén as infraestruturas para a evacuación da enerxía producida no parque, consistente nunha liña de alta tensión de circuito simple de 220 kV para a evacuación de enerxía desde a SET Neboada e final na subestación proxectada do parque eólico Treboada, mediante a cal conectará coa subestación Trives 220 kV, propiedade de "Red Eléctrica de España" (REE).

O trazado proposto terá unha lonxitude de 15,2 km e contará con 46 apoios. A liña discorrerá polos concellos da Rúa (Ourense), Quiroga (Lugo), Ribas de Sil (Lugo), A Pobra de Trives (Ourense) e San Xoán de Río (Ourense).

Proposta de informe:

As superficies definitivas de afección virán determinadas polas áreas ocupadas directamente polos elementos de apoio, construcións complementarias e mais as superficies determinadas polas distancias de servidume establecidas na normativa que regula as obras de produción e transporte de enerxía eléctrica e ademais pola superficie necesaria para o cumprimento das distancias de plantación da Lei 7/2012, de montes de Galicia e máis da normativa de prevención de incendios relativa a redes de faixas de xestión de biomasa.

A construción de pistas forestais débese axustar ao artigo 98 da Lei de montes de Galicia. "Artigo 98. Pistas forestais.

1. Todo camiño de tránsito rodado de titularidade pública ou privada, fóra da rede de estradas, vinculado á xestión forestal e situado en solo rústico de protección forestal terá a consideración de pista forestal, e quedará adscrito á xestión agroforestal, e, en ningún caso, terá a consideración de acceso rodado público para os efectos previstos na lexislación urbanística.

2. A circulación con vehículos de motor por pistas forestais que non sexan de uso público ou situadas fóra da rede de estradas quedará limitada:

- a) Ás servidumes de paso a que houber lugar, e non se poderá facer en actitude de condución deportiva.
- b) Á xestión agroforestal, incluída a actividade cinexética e piscícola.
- c) Aos labores de vixilancia e extinción das administracións públicas competentes.





Queda prohibida a circulación motorizada campo a través, por sendeiros, por devasas ou por vías de saca de madeira, agás para aqueles vehículos vinculados á xestión agroforestal, incluída a actividade cinexética e piscícola, á prevención e defensa contra incendios forestais, aos labores de vixilancia e tutela propios das administracións públicas e aos eventos e ás actividades que fosen autorizados pola Administración forestal consonte o artigo 88 desta lei.

3. Os titulares das pistas forestais, tras a autorización da Administración forestal, poderán regular o tránsito aberto motorizado polas pistas forestais que se atopen fóra da rede de estradas e non formen parte das servidumes de paso, mediante a súa sinalización, sen prexuízo do disposto na lexislación en materia de prevención e defensa contra incendios forestais. O usuario será, en todos os casos, o responsable dos danos ou prexuízos que se poidan ocasionar, tanto a si mesmo como a terceiros, na súa utilización. Nos casos de realización de eventos e actividades culturais e deportivos alleos á propiedade que se desenvolvan mediante o tránsito motorizado polas ditas pistas, deberase contar coa autorización expresa por parte do titular, segundo o disposto no artigo 88 desta lei.

4. Toda obra de reforma, modificación, transformación ou renovación das pistas forestais principais non poderá alterar nin limitar o seu carácter prioritario agroforestal, agás autorización expresa da Administración forestal.

5. As características e as esixencias construtivas das pistas forestais principais, viradoiros e parques de madeira serán establecidas pola Administración forestal mediante orde da consellaría competente en materia de montes, e responderán á necesidade e á viabilidade dos requirimentos de amoreamento e transporte dos produtos forestais e do acceso aos montes da maquinaria forestal, minimizando o impacto sobre a paisaxe, os ecosistemas forestais de gran valor e a erosión e axustándose sempre que sexa posible á rede viaria existente.

6. Os sendeiros, as devasas e as vías de saca de madeira de carácter temporal non terán a consideración de pistas forestais.

7. A construción de pistas, camiños ou calquera outra infraestrutura permanente en montes ou terreos forestais, cando non estea prevista no correspondente instrumento de ordenación ou de xestión forestal, requirirá da súa modificación, de acordo co establecido no artigo 82 desta lei.

8. Os instrumentos de ordenación ou de xestión forestal preverán a recuperación ou a rexeneración da cuberta vexetal dos camiños forestais, devasas, faixas, parques de madeira ou calquera outra infraestrutura abandonada no medio forestal, co fin de evitar a súa progresiva degradación e facilitar a súa integración no ecosistema forestal.”

Ademais deberá manterse a operatividade dos puntos de carga de auga para extinción de incendios forestais tanto para medios terrestres como para medios aéreos sen que en ningún caso se dificulte o acceso.

En Ourense na data da sinatura,

O xefe do servizo de montes
Antonio Gómez Pacios
(Asinado dixitalmente)

